

## **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

### **COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL PARA A ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS EN CARITEL**

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

En data 23.01.17, con número de rexistro de entrada 368 e 369 un licitador presentou os sobres A e B para a adxudicación do arrendamento dunha vivenda en Caritel, nº 80.

Dado que nos Pregos, na cláusula 6, establece a composición da Mesa de contratación, por isto, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e que no artigo 14 na Lei 30/92 establece “*Avogación. 1. Os órganos superiores poderán avogar para si o coñecemento de un asunto cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación ós seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente*” e á vista do exposto e das competencias establecidas na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Avogar puntualmente a competencia delegada por Resolución de Alcaldía nº 228/2015 na Xunta de Goberno Local en data 15.06.15.

**Segundo:** A composición da Mesa de contratación queda como segue:

- Presidente: O Sr. Alcalde, D. Andrés Díaz Sobral, ou persoa en quen delegue.
- Secretaria do Concello: A Sra. Secretaria, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Beatriz del Cerro del Río, ou persoa en quen delegue.
- Interventora municipal: A Sra. Interventora, D<sup>a</sup> Maruxa Cabaleiro Cuíñas ou persoa en quen delegue.
- Traballadora Social do Concello: D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Pazos Sánchez.
- Educadora Social do Concello: D<sup>a</sup> Eva María Moldes Casal.
- Unha secretaria: funcionaria dos servizos xerais, D<sup>a</sup> Iria Fernández Peón.

**Terceiro:** A Mesa de contratación procederá, en sesión non pública, á cualificación previa da documentación xeral do sobre A, o día 15.02.17 ás 10:00 horas na Casa do Concello.

**Cuarto:** Segundo se recolle na cláusula 6 dos Pregos recóllese que unha vez cualificada a documentación administrativa, poderá outorgarse prazo para a subsanación de erros na documentación por prazo non superior a tres días. A apertura do sobre B, que se realizará en acto público, sempre e cando a documentación contida no sobre A sexa a correcta, poderase abrir o B a continuación do mesmo día. De non ser así fixarase un novo día por Xunta de Goberno que se publicará no taboleiro de anuncios e perfil do contratante.

**Quinto:** Que se publique o presente no Taboleiro virtual e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

O Alcalde,

Asdo.: Andrés Díaz Sobral

*Documento asinado electronicamente ao marxe*